

## Reducción da quenda de noite en O+M Conmutación

O martes 18 de setembro celebrouse unha Comisión de Xestión, a petición do Comité, para tratar o tema da redución da quenda de noite, asisten por parte de O+M o Xefe e o Coordinador do departamento. Segundo nos informan esta medida tomase para axustar de mellor maneira o persoal do departamento á actividade que na actualidade se esta a desenvolver, todo isto sen aportar datos de ningún tipo.

A postura da CIG foi defender o escrito asinado por todos os OTPI de Conmutación e rexeitar esta decisión unilateral por parte da empresa centrándonos nos seguintes puntos:

1. E evidente a negativa a negociar esta modificación por parte da empresa pois non se nos convoca antes de tomar a decisión, facemos constar que se nos debería convocar antes de tomar ningunha medida e non da maneira que se está a facer. Do mesmo xeito rexeitamos que non se tivese en conta a opinión dos afectados.
2. A empresa non documenta con datos o argumento de que a actividade precisa de esta modificación polo que se lle solicita que os presente.
3. Reiteramos que na Coruña non están unificadas as funcións dos OTPI de Cx e Tx co cal actuarase tan so de acompañante o que fará que a produtividade na noite sexa aínda máis baixa, argumento este da produtividade tamén empregado pola empresa.
4. Pretende facerse definitiva unha medida que foi anunciada como provisional no mes de xuño o que semella un engano pois a actividade non variou nestes meses, antes o argumento eran as vacacións e agora xa é outro.

Chegados a este punto a postura da CIG é clara: Rexeitamos a medida tanto polos motivos alegados como polas formas empregadas e vamos a procurar que o Comité de Empresa se implique na cuestión nos mesmos termos.

A Coruña 21 de setembro de 2007